



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa Arcai, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

exp. 2020/G003/000588

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACION BASES MERCADO DE NADAL-I MERCADILLO DE SEGUNDA MAN

EXPEDIENTE:2020/G003/000588

ANTECEDENTES:

D. José Manuel Varela Ferreiro, Alcalde-Presidente do Concello de Val do Dubra (A Coruña), adoptou a seguinte resolución.

Visto que o vindeiro domingo 27 de decembro de 2020 vai ter lugar o primeiro mercadillo de segunda man no Campo da Feira de Bembibre e durante o período comprendido entre as 9:00 e 15:00 horas.

Por medio da presente e no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar as Bases reguladoras do I MERCADILLO DE SEGUNDA MAN, co seguinte contido:

“I MERCADILLO DE SEGUNDA MAN

Bases de Participación 2020

1º.- ORGANIZACIÓN, LUGAR E DATA DE CELEBRACIÓN

a) Estas bases son de obrigado cumprimento por todos e cada un dos expositores. Calquera transgresión das mesmas pode desembocar no peche da caseta e a exclusión ou non participación en futuras edicións.

b) O I Mercadillo de Segunda Man de Val do Dubra, celebrarase o vindeiro 27 de decembro, no Campo da Feira de Bembibre, en horario de 9:00 a 15:00 horas e aberto a toda persoa.

2º.- INSCRICIÓN E ADXUDICACIÓN DE CASETA

a) Poderán participar no mercadillo, todas aquelas persoas, maiores de idade, que realicen a solicitude en tempo e forma, que cumpran os requisitos establecidos e cuxa solicitude fose aceptada pola organización segundo os procedementos establecidos.

b) Todas as persoas interesadas en participar deberán formalizar a súa solicitude de participación. O prazo de solicitude estará aberto do 15 de decembro ao 24 de decembro (ambos inclusive), unha vez finalizado o prazo non poderán optar a participar.

c) As solicitudes, deberán ser entregadas no rexistro do Concello no prazo fixado.

d) Non poden inscribirse entidades, asociacións, comercios ou profesionais da venda de segunda



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa Arcai, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

exp. 2020/G003/000588

man. Non se pode inscribir máis dunha vez segundo domicilio.

e) A presenza de menores de idade na caseta, como axudantes na venda, está permitida, pero coa condición de que o expositor, que debidamente solicitase e teña asignado a caseta, estea presente e sempre baixo a responsabilidade do expositor maior de idade.

f) O mercadillo por ter un espazo limitado, terá número de casetas de venda limitados. A orde de inscrición (data/hora) determinará a orde da inscrición definitiva, se hai máis solicitudes que prazas, abrírase unha lista de espera.

g) Cada caseta terá o seu número. É a organización quen asignará a cada un dos expositores participantes o número da caseta e só se pode cambiar acordándoo con outro expositor, informando á organización do cambio antes de que empece o mercadillo. A asignación da caseta farase en función dos materiais para vender.

h) Os expositores non poderán ocupar maior espazo do solicitado e aprobado pola organización. Terá aproximadamente 3,00 m de longo x 2,00 m de ancho. O Concello de Val do Dubra cederá de forma gratuíta este espazo de chan público para que cada participante instale a súa caseta. Non se admiten casetas montadas de forma espontánea en espazos non asignados para a venda sen inscribirse previamente.

i) Os expositores participantes serán informados das medidas de seguridade que se establecerán, e que serán de obrigado cumprimento.

j) A montaxe terá lugar o mesmo domingo 27 de decembro en horario de 9:00 a 10:00. Todos os expositores deberán traer o seu material de montaxe.

k) O domingo, durante a mostra, os expositores deben facerse cargo da limpeza das súas casetas, así como da sucidade que estes produzan no desenvolvemento da feira.

3º.- PRODUTOS OU OBXECTOS PROHIBIDOS PARA A VENDA

O carácter do mercadillo é de segunda man; é dicir produtos ou obxectos que foron usados polo menos unha vez, e débese ofrecer nun estado de bo funcionamento ou uso. Estará completamente prohibido ofrecer servizos ou a venda de:

- Calquera produto ou obxecto que necesite licenza para poder venderse, incluíndo armas de calquera tipo.
- Calquera produto ou obxecto envasado que conteñan gases, líquidos; ou que supoña un risco de perigo para os visitantes do mercadillo.
- ANIMAIS.
- Calquera produto ou obxecto, envasado no seu estado orixinal e/ou coa súa etiqueta orixinal.
- Calquera produto ou obxecto que estea roto.
- Calquera produto ou obxecto cuxa propiedade legal non é do expositor ou non ten a autorización.
- Calquera produto ou obxecto que ten a súa orixe na piratería (DVDs, películas, vídeos, etc) cuxa propiedade foi obtida por vías ilegais.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa Arcai, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

exp. 2020/G003/000588

Queremos informar os expositores que a organización será a autoridade competente da súa intervención cando se produza.

Os expositores que traian obxectos ou materiais novos ou non cumpran condicións/normas durante o desenvolvemento do mercadillo, serán excluídos da participación.

4º.- OBRIGACIÓNS PARA OS EXPOSITORES DE VENDA

As persoas que solicitaron unha caseta comprométese a:

- a) Expoñer o seu material de venda o día 27 de decembro 2020 entre as 10:00 e 15:00 horas, no lugar asignado, o cal non inclúe ningunha decoración. É ao expositor ao que corresponde decoralo sempre dentro da normativa do mercadillo.
- b) Recoller todo material non vendido ao peche do mercadillo, ás 15:00 horas. Terá unha hora para deixar o lugar asignado tal como o atopou, é dicir limpo e recoller todo material non vendido.
- c) Non ofrecer, vender ou regalar produtos ou obxectos tal como se sinalou na lista de mercadorías prohibidas. Será intervindo pola policía e, pola organización, ademais doutras medidas que se poidan poñer polas autoridades competentes, penalizado cun peche inmediato da caseta.
- d) Non utilizar obxectos ou aparellos para facer ou reforzar o volume da publicidade verbal, nin aparellos de música, ou todo que faga máis volume que a voz humana.
- e) Non utilizar pancartas nin espazos para expoñer material fora da área asignada e destinada á caseta. **NON OBSTACULIZAR O CORREDOR PARA O PÚBLICO.**
- f) A que os obxectos para vender estean nun estado normal de uso; non excesivamente sucios ou sobre todo non rotos. A organización non se fará responsable do estado do material do expositor.
- g) A estar na caseta durante os horarios do mercadillo.

5.- ANULACIÓN EN CASO DE MAL TEMPO

No caso que a previsión climatolóxica sexa adversa, a organización poderá anular o mercado. Avisaremos o día anterior aos expositores por correo electrónico e na páxina oficial de Concello de Val do Dubra.

No caso de que se celebre o mercado e durante a celebración desenvólvese mal tempo, a organización anulará o mercado. A organización non é responsable baixo ningún concepto dos danos ao material exposto polos expositores debido a circunstancias atmosféricas o día do mercado.

6.- EXCLUSIÓN DE RESPONSABILIDADES POR PARTE DA ORGANIZACIÓN

- a) A organización non é responsable polo que pode pasar entre público e vendedor. A organización non é interlocutora nin mediadora.
- b) A organización non é responsable polo estado do material exposto polos expositores nin polas



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa Arcai, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

exp. 2020/G003/000588

condicións de venda do material exposto polo expositor.

c) A organización non é responsable de calquera dano, directo ou indirecto, ou roubo do material exposto polo expositor e que se produza no recinto do mercadillo, durante as horas do mercadillo, incluído o tempo necesario para a montaxe e desmonte.

d) A organización non é responsable de calquera dano, directo ou indirecto, que pode producirse por calquera condición atmosférica o día do mercadillo.

e) Cada participante é responsable ante os seus compañeiros/as ou ante o público, de calquera dano ou lesión, directo ou indirecto, que se produza resultante dunha mala posición ou suxeición dos materiais que traian e expoñan na súa caseta, eximindo á organización de calquera responsabilidade.

7.- OUTROS

a) A organización resérvase o dereito de fotografar ou gravar con vídeo ao público, expositores e mercadorías expostos nas casetas, podendo utilizar estas reproducións nas súas publicacións e promocións oficiais.

b) A organización resérvase o dereito de excluír a persoas que non cumpren as condicións á hora de inscrición.

c) Calquera produto ou obxecto que supere un metro de longo ou ancho expoñeráse en foto, acordando a súa venda posterior entre as partes. Exemplo: armarios, mesas, cinta de correr, etc.”

SEGUNDO.- Todos os participantes deberán cumprir cas normas de prevención aprobadas para evitar os contaxios derivados da pandemia provocada pola COVID-19.

TERCEIRO.- Dispoñer a publicación das presentes Bases no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal.

Asinado polo Sr. Alcalde José Manuel Varela Ferreiro, na data expresada na marxe da presente Resolución. Pola secretaría tómase razón para a súa constancia/transcrición ao Libro de Resolucións da alcaldía aos sos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 do RD 128/2018).



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Telef. 981889000 – Fax 981889100

Rúa Arcai, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

exp. 2020/G003/000588